



A TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

ELECCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR E CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 30 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Ordenación de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG do 08-10-2020), realizarase próximamente neste Centro a **renovación parcial do CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

Segundo o Artigo 2º da citada Resolución a **elección dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar** celebrarase entre o **23 e 27 de novembro**, ambos os dous incluídos.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto entre os **días 2 e 5 de novembro**, e integrada por:

- O Director ou directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai, titor ou titora legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro o próximo **día 19 de outubro, venres ás 9.30 horas no despacho de dirección.**

A Xunta Electoral procederá a aprobar, publicar os Censos Electorais, concretará o calendario electoral, ordenará o proceso, admitirá e proclamará candidaturas, promoverá a constitución das distintas mesas electorais, resolverá as reclamación e proclamará aos candidatos e candidatas.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Animámoslos a que presenten as súas candidaturas para poder participar así na vida escolar do centro e contribuír a un mellor funcionamento do mesmo.